



Guía Docente

Datos Identificativos				
			2020/21	
Asignatura (*)	Creación de Empresas Deportivas	Código	620112414	
Titulación	Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	5.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	fagullo.info			



Descrición xeral	<p>A asignatura de Creación e Dirección de Empresas intégrase no plan de estudos da licenciatura Ciencias da Actividade Física e do Deporte con carácter optativo. Para xustificar a súa inclusión neste plan de estudos pódese dicir que é unha maneira de facer fronte a situación na que se atopan os mozos ao tratar de se incorporar ao mercado de traballo e as dificultades que teñen que superar quenes pertencen ao devandito colectivo e ademais son titulados universitarios. Aínda a situación non é tan mala ca de outros colectivos e que que a taxa de paro entre os universitarios veuse reducir nos últimos anos, estes seguen atopándose con moitas dificultades a hora de incorporarse ao mercado laboral e cando o conseguen é en condicións bastante precarias. Esta situación non é idéntica para todos os titulados xa que depende en gran medida do título que se posúa e da duración dos seus estudos, ou o que é o mesmo, do nivel do título alcanzado: graduado, mestrado ou doutor.</p> <p>Habéndose pechado notablemente unha das súas súas profesionais en Educación Física, respecto do que noutras épocas sucedeu, como era o Ensino, unha das alternativas laborais dos nosos alumnos atópase na xestión do deporte. Nunha sociedade na que as formas de organización económica son cada vez máis complexas, é necesario para quenes dexesen por en marcha a súa propia empresa ou quenes se dediquen á xestión do deporte e das empresas deportivas, o estudo da presente materia é, non só instrumento para o coñecemento e comprensión dos procesos económicos, senón tamén para a formación de actitudes éticas e sociais fronte a problemas tales como a creación de riqueza pola empresa, o seu papel na economía, a súa función na distribución de riqueza, o situación actual do mercado de traballo para estes licenciados, en definitiva, a importante función social da empresa no momento presente, etc.</p> <p>Ante esta situación, e en consoancia co que se ven facendo dende a propia UE, dende a Universidade e outros estamentos oficiais, incorpóranse ao plan de estudos esta materia tratando de inculcar o espírito emprendedor e a metodoloxía da creación e dirección de empresas entre os futuros licenciados. En definitiva, téntase acadar que os alumnos teñan curiosidade polo eido empresarial, e que tras unha análise crítica da situación e da súa incorporación ao mercado laboral, espertar neles a súa capacidade creativa, e fomentar o espírito emprendedor.</p> <p>A asignatura abrangue tanto a dimensión interna da empresa como das relacións coa súa contorna externa. Malia que pola súa natureza, esta materia ten un contido técnico propio da economía empresarial, integra, con todo, múltiples aspectos relacionados coa psicoloxía, a psicoloxía social e do traballo, a tecnoloxía, as técnicas e teorías da organización e da información, o dereito mercantil, etc. A parte da análise técnica, imprescindible para o coñecemento do funcionamento dunhas empresas cada vez máis complexas no seu funcionamento, preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, recoñecer o valor social do espírito emprendedor, concedéndolle tanta relevancia ao análise puramente económico e instrumental como aos aspectos sociais.</p> <p>A Integración desta asignatura no plan de estudos queda plenamente xustificada porque:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Contesta á importante demanda social que nos últimos tempos esixe un coñecemento máis científico e técnico do ámbito da Actividade Física e o Deporte, á vez que se require dar resposta a problemas tan ineludibles como é o paro xuvenil e o desemprego ou subemprego dos universitarios.2. Responde á letra e ao espírito da normativa legal que regula a creación e funcionamento dos Institutos Nacionais de Educación Física, así como o contido esencial da Lei de Reforma Universitaria e a súa reforma cando considera que a universidade ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta.
-------------------------	---



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a metodoloxía da análise económica e familiarizarse coa forma de efectuar as súas razóns. Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise económica na interpretación do comportamento do consumidor no mercado e na súa toma de decisións. Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise económica na interpretación do comportamento das empresas no mercado proveedor, comprendendo o proceso de formación dos custos e a toma de decisións para acadar os seus obxetivos. Coñecer as características do mercado no que opera a empresa, condicionantes da súa capacidade, autonomía e flexibilidade na toma de decisións. E comprender como a toma de decisións vai determinar os resultados obtidos: perdas ou beneficios. Adquirir competencias e habilidades que permitan atopar a interpretación correcta dos indicadores de uso frecuente no eido empresarial, económico e laboral.	A32 A34	B3 B4 B5 B6 B19 B20	C4 C5

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A creación de empresas e a iniciativa emprendedora.	<p>Subtema 1</p> <p>1. Introducción: o emprendemento e o valor social da creación de empresas</p> <p>2. Os elementos esenciais no proceso de creación de empresas</p> <p>2.1 A idea de empresa e mantíntais para obtela. A validación da idea. O modelo de negocio ou deseño empresarial.</p> <p>2.2. O emprendedor: características do emprendedor e consecuencias da decisión de emprender</p> <p>2.3 O plan de empresa: qué é, para qué e cómo se elabora.</p>



<p>Tema 2. O plan de empresa</p>	<p>Subtema 2. A elaboración do plan de empresa</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. O estudo de mercado <ol style="list-style-type: none"> 2.1 Obxetivos e fases da elaboración 2.2 O entorno e a creación de empresas 3. O análise DAFO 4. A mercadotecnia <ol style="list-style-type: none"> 4.1 O produto/servicio 4.2 O precio 4.3 A distribución 4.4 A comunicación 5. A segmentación e a estratexia 6.A previsión de vendas <p>Subtema 3. A viabilidade do proxecto empresarial</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción á análise económica-financeira dun proxecto empresarial 2. A análise financeira <ol style="list-style-type: none"> 2.1 O balance 2.2 Técnicas de análise 3. A análise económica <ol style="list-style-type: none"> 3.1 A conta de resultados (PeG) 3.2 Técnicas de análise
<p>Tema 3. Guía para a elaboración do plan de empresa</p>	<p>Guía para a elaboración do plan de empresa</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción 2. O estudo de mercado 3. O plan comercial 4. O plan de organización e de recursos humanos 5. Os aspectos legais 6. A análise económica-financeira 7. Conclusións 8. Anexos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A32 A34 B4 B5 B6 B19 B20	15	6	21
Sesión maxistral	A32 A34 B5 C4 C5	27	62	89
Simulación	A32 A34 B3 B4 B5 C5	12	24	36
Proba obxectiva	A32 A34	3.5	0	3.5
Atención personalizada		0.5	0	0.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Obradoiro	<p>Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.</p> <p>Se realizarán prácticas grupais dos contidos da asignatura. Dentro dos métodos existentes para facer prácticas dos contidos teóricos estudados utilizaremos o de probas de ensaio ou resposta libre coa posibilidade de ser complementados con probas de tipo test. A aplicación deste método implica a formulación dunha ou varias cuestións, que el alumno deberá desenvolver. O profesor utilizará como principios do procedemento de corrección:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A precisión na resposta. - A utilización de representacións gráficas como medio de expresión dos razonamentos. - A identificación dos conceptos e relacións relevantes. - Xerarquizar a súa importancia.
Sesión maxistral	<p>É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes.</p> <p>A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, có fin de transmitir certos coñecementos ao alumno. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos mais importantes da materia, e debera polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar aos alumnos por outros medios.</p> <p>A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmiti-los contidos do programa dunha forma sistematizada e respetando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exposición dun marco global inicial que permita centra-lo tema. - Análise dos aspectos principais que integran o tema. - Síntese integradora do exposto. - Fixación breve e sinóptica do tema.
Simulación	<p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levava a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p> <p>En concreto a simulación farese en tres fase:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1ª. Diseño do modelo de negocio (CANVAS) 2ª Elaboración dun plan de empresa abreviado sen análise económica-financeira 3ª Estudo de viabilidade do proxecto que se analiza co plan de empresa
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Obradoiro Simulación	Para un mellor rendimento na aprendizaxe e realización da simulación é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso e así asegurar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A32 A34	Farase unha proba obxectiva nas datas establecidas para exame final da asignatura que englobará os contidos da materia. A proba obxectiva será un test de resposta pechada, con catro alternativas e soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto. Será necesario acadar 20 puntos (un 4 sobre 10) como mínimo nesta proba para poder sumarlle aos puntos da proba os das restantes metodoloxías de avaliación. En caso de no chegar a dita puntuación mínima, a calificación do alumno otorgarase exclusivamente coa calificación de esta proba obxectiva, valorada sobre 10. Os puntos acadados nas outras metodoloxías de avaliación se lle gardarán para ser engadidos á puntuación obtida na proba obxectiva da segunda oportunidade, na rexerán os mesmos condicionantes que na primeira.	50
Obradoiro	A32 A34 B4 B5 B6 B19 B20	Nas sesións presenciais propoñeranse a realización de prácticas, lecturas e análise de documentos que poderán facerse en grupo, procurando así unha aprendizaxe colaborativa entre os membros do grupo. Fáranse dous obradoiros de control cos que se otorgarán os puntos por medio de unha proba obxectiva tipo test. Cada unha valera 10 puntos que serán concedidos sempre que se houberen feito todas as prácticas propostas e se acade o apto na práctica de control, na que se poderá utilizar o seu portafolios con todo o material que o alumno teña recopilado sobre a materia, mediante un test similar ao da proba obxectiva do curso. En caso de non ter todas as prácticas ou non acadar o apto na práctica de control cada obradoiro valerá 5 puntos.	20
Simulación	A32 A34 B3 B4 B5 C5	O traballo de simulación consistirá el participar nas sesións presenciais no xogo de simulación emprendedora proposto polo profesor para sere realizado en grupo e que farese en tres fase nas que os alumnos deberán entregar as súas produccions correspondentes a cada fase: 1ª. Diseño do modelo de negocio (CANVAS) 2ª Elaboración dun plan de empresa abreviado sen análise económica-financeira 3ª Estudo de viabilidade do proxecto que se analiza co plan de empresa. Cada unha das produccions de estas fase valerá 10 puntos que serán otorgados polo profesor en función da participación activa nas sesións e a clidade do resultado acadado.	30
Outros			

Observacións avaliación

SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA:

A calificación de APTO se acadará con 50 puntos, sendo necesario acadar como mínimo 20 puntos;entre as tres probas obxetivas do curso. En caso contrario a calificación do alumno será a que resulte das probas obxetivas, valoradas ao 100%, sen engadir os puntos das reatantes produccions do curso. SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL (alternativo ao sistema de avaliación continua):Para atender as necesidades especiais dos estudantes con dedicación a tempo parcial uo de modalidades específicas de aprendizaxe e apoio a diversidade ofrécese un sistema de avaliación final, ao que poderán acollerse todos os alumnos que o dexesen. Así mesmo, si por necesidades especiais o alumno necesitase algunha especificidade nas metodoloxías para a súa avaliación deberá indicalo ao profesor quen lle dará una alternativa adaptada as súas circunstancias particulares. O sistema de avaliación final consistirá nunha proba na fecha establecida pola Xunta de Facultad coa que o alumno obterá o súa calificación na asignatura. A proba será un cuestionario de preguntas tipo test ou preguntas abertas ou ambas. O test será de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto. As preguntas de resposta aberta poderán ser unha breve explicación, un resumo, unha representación e interpretación de gráficas, a resolución de problemas, etc. A calificación de APTO se acadará con 50 puntos. No caso de avaliación final, se non se realizar a proba obxectiva, a calificación nesa convocatoria será NON PRESENTADO.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - ALMOGUERA, JOSÉ ANTONIO Y OTRO (2000). Manual práctico de creación de empresas. Editorial SA de Promociones y Ediciones. Madrid - AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2013). Creación de empresas: creaemp@yahoo.es . - ALONSO JULIÁN, JOSÉ M^a (1997). Creación y gestión de la propia empresa. Editorial Santillana. Madrid - ASENSIO DEL ARCO, EVA Y OTRO (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Paraninfo. Madrid - BAYÓN, M^o I. Y OTROS (1.986). Cómo crear una empresa. Editorial CEOE-CEPYME. Madrid - BELMONTE SÁNCHEZ, INMACULADA Y OTRO (1998). Proyecto empresarial. Editorial Editex, SA, Madrid - BERMEJO, MANUEL Y OTROS (1996). La creación de la empresa propia. Consejos prácticos para su puesta en marcha con éxito. Editorial McGraw-Hill. Madrid - CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE MADRID (2000). Guía para la creación de empresas. Editorial Cámara de Comercio e Industria de Madrid. Madrid - EQUIPO DE ECONOMISTAS DVE (1.991). Cómo crear su propia empresa. Editorial De Vecchi, S.A. Barcelona - GIL ESTALLO, M^a A. Y OTRO (1993). Cómo crear y hacer funcionar una empresa. Editorial ESIC. Madrid - HALLORAN, JAMES W (2000). Curso McGraw-Hill de creación de empresa. Editorial McGraw-Hill. Madrid - LUDEVID, M. Y OTRO (1994). Como crear su propia empresa. Editorial Marcombo. Madrid - PENALONGA, ANXO (2010). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Santillana. Madrid - SALINAS SÁNCHEZ. JOSÉ MANUEL Y OTROS (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial McGraw-Hill. Madrid - SOUFI GÓMEZ, S (1.997). Manual práctico de creación de empresas. Editorial Cinco Días. Madrid
Bibliografía complementaria	<p>La bibliografía complementaria para preparar cada uno de los subtemas de esta asignatura se facilitarán con los contenidos que se pueden descargar de la web http://fagullo.info</p>

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

<p>Para cursar a asignatura de Creación e Dirección de Empresas Deportivas (optativa) non é imprescindible ter coñecementos previos sobre temas económicos. Pero é unha asignatura de moito proveito cando o alumno ten idea de poñer en marcha un proxecto empresarial como vía para de acceso ao mercado laboral. A materia de Creación de empresas permitirá ao alumno coñecer como llevar a cabo a posta en marcha e comprender o proceso de elaboración do plan de empresa e experimentar o traballo de reflexión que conleva. </p>

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías